PAPEL NUMERADO CORPORACIÓNS LOCAIS

**Acta da Xunta de Goberno ordinaria correspondente ó 12 de decembro de 2014**

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o doce de decembro do ano dous mil catorce, ás trece horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados, don Rosendo Luis Fernández Fernández (vicepresidente 1º), don Plácido Álvarez Dobaño, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don José Manuel Freire Couto, don José Antonio Feijóo Alonso, don Emilio José Pazos Ojea, don Antonio Montero Fernández e don Eladio Mangana Nóvoa, os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de celebrar sesión extraordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste a interventora, dona Mónica Legaspi Díaz, e dá fe do acto, o secretario xeral, don Francisco Cacharro Gosende.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

**1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, EXTRAORDINARIA, DO DÍA 9 DE DECEMBRO DE 2014**.- Unha vez examinada a acta da sesión extraordinaria que tivo lugar o día nove de decembro de dous mil catorce, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

**2.- RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS**.- Unha vez vista a relación dos gastos propostos polos distintos servizos da Deputación, co fin de toma-lo acordo pertinente sobre os devanditos gastos, aplicando o artigo 26.2.c) e 60.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo** de recoñecemento e liquidación das obrigas que se relacionan:

| Aplicación orzamentaria | Acredor | Concepto | Importe € |
|---|---|---|---|
| 45313/21300 | Roeirasa, SAU | Factura R/18930/2013, do 10.09.2013, utensilios vehículos. | 36,02.- |
| 45313/21300 | Roeirasa, SAU | Abono n.º RR/2256/2014, do 16.06.2014, utensilios vehículos. | -30,21.- |
| | | Total: | 5,81.- |
| 45313/21300 | Roeirasa, SAU | Factura R/26818/2013, do 16.12.2013, utensilios vehículos. | 1.199,26.- |
| 45313/21300 | Roeirasa, SAU | Abono n.º RR/1856/2009, do 31.12.2014, utensilios vehículos. | -6,41.- |
| 45313/21300 | Roeirasa, SAU | Abono n.º RR/2606/2010, do 25.10.2010, utensilios vehículos. | -50,73.- |
| 45313/21300 | Roeirasa, SAU | Abono n.º RR/2767/2010, do 29.10.2010, utensilios vehículos. | -10,96.- |
| 45313/21300 | Roeirasa, SAU | Abono n.º RR/3040/2010, do 30.11.2010, utensilios vehículos. | -77,56.- |
| 45313/21300 | Roeirasa, SAU | Abono n.º RR/2528/2011, do 30.09.2011, utensilios vehículos. | -39,78.- |
| 45313/21300 | Roeirasa, SAU | Abono n.º RR/3390/2011, do 30.12.2011, utensilios vehículos. | -43,84.- |

PAPEL NUMERADO
CORPORACIÓNS
LOCAIS

# Acta da Xunta de Goberno ordinaria correspondente ó 12 de decembro de 2014

| | | | |
|---|---|---|---|
| 45313/21300 | Roeirasa, SAU | Abono n.º RR/178/2013, do 31.01.2013, utensilios vehículos. | -85,91.- |
| 45313/21300 | Roeirasa, SAU | Abono n.º RR/386/2013, do 15.02.2013, utensilios vehículos. | -19,48.- |
| 45313/21300 | Roeirasa, SAU | Abono n.º RR/815/2013, do 28.03.2013, utensilios vehículos. | -14,67.- |
| 45313/21300 | Roeirasa, SAU | Abono n.º RR/3839/2013, do 16.12.2013, utensilios vehículos. | -77,83.- |
| 45313/21300 | Roeirasa, SAU | Abono resumo 1, do 25.11.2014, utensilios vehículos. | -301,50.- |
| 45313/21300 | Roeirasa, SAU | Abono resumo 2, do 25.11.2014, utensilios vehículos. | -124,30.- |
| 45313/21300 | Roeirasa, SAU | Abono resumo 3, do 25.11.2014, utensilios vehículos. | -314,20.- |
| | | Total: | 32,09.- |
| 45313/21300 | Roeirasa, SAU | Factura R/26819/2013, do 16.12.2013, utensilios vehículos. | 1.065,99.- |
| 45313/21300 | Roeirasa, SAU | Abono n.º RR/1377/2014, do 15.04.2014, utensilios vehículos. | -102,86.- |
| 45313/21300 | Roeirasa, SAU | Abono n.º RR/2255/2014, do 16.06.2014, utensilios vehículos. | -49,71.- |
| 45313/21300 | Roeirasa, SAU | Abono n.º RR/2761/2014, do 15.07.2014, utensilios vehículos. | -70,68.- |
| 45313/21300 | Roeirasa, SAU | Abono n.º RR/3663/2014, do 15.09.2014, utensilios vehículos. | -123,19.- |
| | | Total: | 719,55.- |
| 45313/21300 | Roeirasa, SAU | Factura R/26820/2013, do 16.12.2013, utensilios vehículos. | 9.85.- |
| 45313/21300 | Roeirasa, SAU | Factura 12, do 31.12.2013, utensilios vehículos. | 38,33.- |
| 45313/21300 | Roeirasa, SAU | Factura 6, do 16.06.2014, utensilios vehículos. | 425,80.- |
| 45313/21300 | Roeirasa, SAU | Factura 4, do 15.04.2014, utensilios vehículos. | 33,50.- |
| 45311/20700 | Gómez y Estévez 2000, SL | Factura 2012A 06, do 23.05.2011, traballos realizados na contorna da antiga escola en Santa Eufemia, no termo municipal de Baños de Molgas. | 6.195,00.- |

**3.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS AO ABEIRO DO CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS 2014.-** Mediante acordo da Xunta de Goberno de data 28 de novembro de 2014, resolveuse a convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións para a organización de eventos deportivos 2014.

A base décimo terceira da convocatoria establece que a xustificación das subvencións concedidas debe realizarse ante a Deputación como data límite o 15 de novembro de 2014.

PAPEL NUMERADO
CORPORACIÓNS
LOCAIS

**Acta da Xunta de Goberno ordinaria correspondente ó 12 de decembro de 2014**

Tendo en conta o atraso sufrido no expediente de referencia, que a data de resolución deste concurso é posterior á data establecida para a xustificación, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

Ampliar o prazo de xustificación das subvencións concedidas ao abeiro do concurso público para a concesión de subvencións para a organización de eventos deportivos 2014 ata o 31 de decembro de 2014.

**4.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN CULTURAL FETEGA**.- 1.- Na Xunta de Goberno, con data 8 de setembro de 2014, concedéuselle unha subvención á Asociación Cultural Fetega, por importe de 3.137,59 euros, no marco da convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións para a realización de festivais, ciclos, mostras ou actividades análogas correspondentes ao exercicio 2014.

2.- No Pleno, con data 26 de setembro de 2014, aprobouse o expediente nº 5/2014 de modificación das bases de execución do orzamento, destinando unha subvención de 2.986,60 euros a favor da Asociación Cultural Fetega, para a celebración do Festival de teatro galego do Carballiño correspondente ao ano 2014, con cargo á aplicación orzamentaria 334.13/489.05.

Unha vez vista a solicitude presentada pola representante da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención complementaria á Asociación Cultural Fetega, para a celebración de teatro galego do Carballiño correspondente ao ano 2014, por importe de 2.986,60 euros.

**5.- ASUNTOS DE URXENCIA.-** Non se suscitaron.

**6.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA**.- Non houbo.

**7.- ROGOS E PREGUNTAS**.- Non se formularon.

E, ás trece horas e trinta minutos, do referenciado día doce de decembro do ano dous mil catorce, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

**O PRESIDENTE,** **O SECRETARIO,**